

PEZA DO MES

decembro

2019



**MÁSCARAS DE TEATRO
DE BASALLO E QUESSADA**

XUNTA DE GALICIA



Máscaras de teatro de Basallo e Quessada

En 1975, o director de teatro José Manuel Blanco Gil preséntase no estudio de Xaime Quessada na rúa Lamas Carvajal para facerlle o encargo dunhas máscaras que quería empregar na nova montaxe teatral na que estaba a traballar: *Retablo da Avaricia a Luxuria e a Morte* de Valle Inclán. Ese día o pintor estaba co escultor Ignacio Basallo realizando gravados para os que empregaban un antigo tórculo que Xaime lle mercara a un impresor xudeu en Nova York e acordaron abordar a encarga de forma conxunta. Trala lectura da obra, composta por tres pezas *A rosa de papel* (parte á que ían destinadas as máscaras), *A cabeza do Bautista* e *Ligazón*, os artistas elaboraron varias inspirándose en cadanseu personaxe.

Blanco Gil era director e actor da Agrupación de Teatro Independente Histrión 70. O grupo debe o seu nome ao ano de fundación 1970, no que tres actores –Marisa Calvo, Abelardo Pérez Gabriel e Blanco Gil–, pertencentes ao grupo teatral Valle Inclán do que Segundo Alvarado era director, decidiron fundar unha nova compañía que ansiaba ser independente e pesar de non ter moitos recursos económicos pero si humanos ao ir integrándose no decurso do tempo actores como Eduardo Rego, Fernando Lázaro, Menchu García, Lourdes Mosquera, José Luis e Alfredo Dorado, Teresa Heredero, Manolo Vidal, M^a José García ou Manolo Núñez, así como Carlos Pereira, Carmen Carballo, M^a Jesús e Rosa Darriba, José L. González, M^a Jesús Tapia, Efrén Macía, José L. Pérez, José Arias, Juan de León e Manuel Guede axudados por músicos como Mar e Paz Puertas, Corral, McMillan, Drowley ou Barca Beroán

e técnicos de luz e son como Eloy Barreiros e Pablo González. Realizan, ademais das representacións teatrais, recitais, coloquios e seminarios sempre a prol da difusión do teatro e o seu achegamento ao público ourensán.

Comezan a súa actividade con *Morir hacia las estrellas* en Ourense o 6 de xaneiro de 1970. En 1971 participan no I Certame Nacional de Experiencias Teatrais con *La Lección de Ionesco*, obtendo o Primeiro Premio Rexional e, xa na fase nacional do certame en Xaén, a actriz Marisa Calvo consegue o Primeiro Premio Nacional de Interpretación. Con *Los justos* de Camus, quedaron campións do sector galego en 1972, pasando a competir a nivel nacional en Oviedo onde acadaron o terceiro posto. O seu grande fito foi a selección de poemas de Celso Emilio Ferreiro para a montaxe en 1971 de *Tempo de chorar*, coa importancia de ser en lingua galega. Tamén con escritos de Celso Emilio, Cabanillas, Labarta Pose, García Hermida, Rosalía de Castro e Manuel María montan *S.O.S. do Estrelecer* e con textos de Curros Enríquez e Rosalía de Castro *Apraxos da door e da saudade*. Participan en diversas Mostras de Teatro en Galego de Ribadavia da man da Agrupación Cultural Abrente e noutros certames obtendo numerosos recoñecementos. Na década dos 70, montan obras como *La Pancarta* con texto de José Díaz, *El convidado ou Antígona*, de B. Brech, obra que tamén representan en Portugal.

Cando en 1975 os actores xa avanzaban na lectura do texto do *Retablo da Avaricia, a Luxuria e a Morte*, topáronse co atranco da censura e a obra nunca se estreou. Quedaron as máscaras baleiras de sentido pero a súa impactante forza de forma e cor, o variado dos materiais e a mestría coa que foron creadas propicia unha exposición no Ateneo ourensán no nadal dese ano. Como queira que os autores non cobraron nada pola súa obra, acordaron que se depositaran nalgunha institución cultural. Tres delas foron entregadas no Museo Arqueolóxico por Blanco Gil, outra quedou en mans de Basallo e do resto descoñecemos o seu destino.

Ambos artistas son sobradamente coñecidos e teñen máis obras formando parte das coleccións do Museo Arqueolóxico. De Xaime Quessada Porto (Ourense, 1937-2007) conserváse un óleo de gran formato titulado *A Creación* (1967) que xa foi obxecto de estudo como Peza do Mes en febreiro de 2006. De Ignacio Vázquez Nóvoa-Basallo (Ourense, 1952) conserva o Museo un gravado e unha medalla dedicada a Eladio Rodríguez González polo Día das Letras Galegas en 2001.

A estrutura das tres máscaras foi realizada por Basallo e a pintura é autoría de Quessada. A primeira



delas (Nº Inv. CE006375) presenta unha polícromía totalmente recoñecible como obra de Quessada de clara influencia picassiana. Está feita con taboleiro de madeira de forma case cadrada cuns laterais lixeiramente voados o que lle confire dinamismo á peza, acentuado por unha chapa de madeira que de xeito transversal se incrusta no rostro como un gran nariz, que sobresae aínda por riba dos ollos e no que se apoia unha lámina curva que conforma o cabelo dando harmonía e suavizando o conxunto. A forma cubista completa a súa forza visual coa polícromía en cores acrílicas, das que destacan o laranxa nas orellas e ollos, o azul intenso no rostro e pupilas e a cor vermella dos beizos, do transgresor nariz e dunhas efectistas meixelas con símbolos de cartas de póker. Potentes trazos para a barba e as pestanas duns sobrecollidos ollos completan a máscara máis amable pero ao mesmo tempo desacougante das tres. Relata Basallo que esa madeira procedía dunhas chapas reaproveitadas que tamén empregaron Xaime e máis el na realización duns carteis de gran formato para propaganda do Partido Comunista de Ourense.

A segunda máscara (Nº Inv. CE006376) é un rostro de nariz revirada cara a dereita e boca desdebuxada. A estrutura é de papel de periódico cuberto de cola de empapelar, á que se lle van superpoñendo capas de papel dándolle forma mentres está brando de xeito que vai adquirindo forma e relevo. Ten moi marcado o arco orbitario do óso frontal en contraste cuns afundidos ollos. De novo a pintura acentúa o aspecto grotesco da figura. A cor índigo invade todo e, sobre ela, o vermello serve para marcar os triángulos que rodean os ollos ao tempo que lle dá rubor á cara cun círculo de aros concéntricos na meixela esquerda como se dunha diana se tratase. Tamén en vermello vibra a ondulante liña das cellas, do papo e da finísima

boca que prolonga o seu rictus cara arriba sen fin... nun sorriso absurdo e inútil. O negro aparece nos círculos orbitais e nunhas bandas horizontais do cabelo alternadas con outras en branco. No reverso da máscara en tinta negra, Xaime escribiu o nome dos dous autores.

A terceira máscara (Nº Inv. CE006377) está elaborada a partir dunha caixa de cartón cadrada e papel de periódico. Polo reverso apréciase como Basallo a traballa para crear o espazo do nariz e fura o buraco dos ollos. No anverso recobre a superficie con tarlatana, un tecido a xeito de gasa empregado polas modistas para dar corpo ás teas e que Xaime e máis el usaban na súa tarefa de gravadores para limpar os sobrantes de tinta nas pranchas de cinc ou cobre unha vez que quedaban cubertos os riscos que conformaban o debuxo. A tarlatana enchoupada de tinta negra e marrón dá un aspecto totalmente monstruoso á máscara, reforzado polos remates esfiañados da tea.

O Retablo da Avaricia a Luxuria e a Morte é cualificada polo propio autor como teatro esperpéntico pola súa deformidade da realidade e por algúns estudiosos como teatro mítico ou sinistro. Mítico porque os personaxes se sitúan nunha Galiza idealizada e sinistro pola temática desgarradora das súas pezas nas que Valle Inclán emprega o grotesco como unha ferramenta de crítica e fai un retrato deformado da realidade e das persoas ás que carga de egoísmo, avaricia e mesmo crueldade. Os dous artistas captaron esa dor, ese delirio da luxuria e a avaricia, que sempre conducen á morte e nolo transmiten plasticamente. A posta en escena coa música, as luces e os actores, faría o resto ata conformar un espectáculo potente e macabro coa intención de achegar o drama de xeito descarnado e impactante ao espectador e facelo partícipe, nunha liña moi do gusto de *Histrión 70*. Aínda que nesta ocasión non se estreou, Blanco Gil a montaría anos despois con outras compañías que fundou en Portugal e en México onde faleceu actuando en 2010. Tamén foi director do Centro Dramático Galego e recibiu numerosos premios ao longo da súa carreira.

Histrión 70 emerxe como grupo afeccionado coa ilusión e a valentía de crear un novo teatro de carácter independente con textos de autores extranxeiros e galegos de marcado compromiso social, buscando a comunicación co espectador. A través destas máscaras que hoxe presentamos lembramos a súa memoria pois as tres disciplinas –pintura, escultura e teatro– se conxugaron para crear arte, aínda que, como sinala Marisa Calvo: «A pintura ou a escultura permanecen, o teatro non. É un instante de maxia que despois desaparece, pode que se recorde un tempo, pero despois desvanécese».



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021



 XUNTA DE GALICIA